



### CIRCULAR INFORMATIVA: ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR

De acordo co Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril, e os decretos 324/1996, do 26 de xullo, 374/1996, do 17 de outubro, e 7/1999, do 7 de xaneiro, levarase a cabo a renovación parcial dos membros do Consello Escolar, de acordo co calendario fixado na RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022.

Composición do Consello Escolar: Directora, xefa de estudos, secretario (con voz pero sen voto), 5 mestres/as, 5 pais/nais (1 do ANPA), 1 representante do Concello e 1 representante da administración e servizos.

- ✓ O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai e a nai, no seu caso, aos titores legais.
- ✓ Son elixibles os pais, nais ou titores legais que formulen a súa candidatura oficial. **As candidaturas poderanse presentar** na secretaría do centro **dende as 9:30 horas do 07 de novembro ata as 14 horas do 14 de novembro** (lembramos a importancia de que haxa candidaturas).
- ✓ O sorteo público para formar parte da Xunta electoral ( formada pola directora, un pai/nai e un mestre/a) será o 28 de outubro as 12 horas na secretaría do centro.
- ✓ A mesa electoral estará formada pola directora do centro, que será a presidenta e catro pais/nais designados por sorteo público, que terá lugar **o día 15 de novembro as 12:00 horas** na secretaría do centro. Actuará como secretario da mesa o pai/nai de menor idade.
- ✓ A proclamación definitiva, despois das posibles reclamacións, de candidatos a fará a XUNTA ELECTORAL.
- ✓ **A votación** par a elección terá lugar no colexio o **luns 28 de novembro**, dende as 9:30 ata as 14:30 horas.
- ✓ O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector/a acreditará a súa personalidade.
- ✓ Cada elector/a fará constar na súa papeleta un máximo de dúas cruces, que sinala o/a candidatos/as que elixe. Serán nulas as papeletas con máis de dúas cruces.
- ✓ Ao remate das votacións procederase ao escrutinio e levantamento das actas correspondentes.
- ✓ A organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral.

#### Atribucións do consello Escolar:

- a) Aprobar e avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V do artigo 127 da nova Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro.
- b) Aprobar e avaliar a Programación Xeral Anual (PXA), respectando en todo caso, os aspectos docentes que competen ó claustro en relación coa planificación e organización docente.
- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d) Participar na selección do director o directora do centro nos términos que a presente Lei establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento do director ou directora.
- e) Decidir sobre a admisión do alumnado con suxeición ao establecido nesta Lei e disposicións que a desenrolen.
- f) Impulsar a adopción e seguimento de medidas educativas que fomenten o recoñecemento e protección dos dereitos da infancia.
- g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan os estilos de vida saudable, a convivencia no centro, a igualdade efectiva de mulleres e homes, a non discriminación, a prevención do acoso escolar e da violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- h) Coñecer as condutas contrarias á convivencia e a aplicación das medidas educativas, de mediación e correctoras velando por que se axusten á normativa vixente. Cando as medidas



correctoras adoptadas polo director ou directora correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais, nais ou titores legais ou, en seu caso, do alumnado, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.

- i) Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e a sostibilidade e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.
- j) Fixar as directrices para a colaboración, con fines educativos e culturais, coas Administracións locais e con outros centros, entidades e organismos.
- k) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución d rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- l) Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre el funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.
- m) Aprobar o proxecto de presuposto do centro.
- n) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.

---

Dada a importancia deste órgano no seo do colexio esperamos aproveitedes esta ocasión para formalizar as vosas candidaturas. Nestas eleccións hai **unha praza vacante** polo que deberá haber cando menos unha candidatura. Lembraide que **o prazo para presentar candidaturas é entre o día 7 e o 14 de novembro.**

---

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo,; Milagros Formoso Vila